

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol*, o día 5 de febreiro de 2006.-

Recimil: os habitantes

Non me resulta difícil imaxinar as primeiras mudanzas dos habitantes de Recimil no momento en que as casas estiveron por fin rematadas e preparadas para a súa ocupación por parte dos inquilinos, alá pola segunda década dos anos corenta, coa emoción da estrea non so dunha nova vivenda senón dun novo barrio enteiro e verdadeiro con todas as dificultades e expectativas que iso leva consigo. Recimil tiña case o tamaño dunha cidade nova na que se ía instalando pouco a pouco todo un regueiro de pioneiros. As mudanzas eran un rebumbio de xentes a subiren e baixaren escaleiras cargadas con mobles e moreas de pertenzas. Cando un se muda de casa non deixa de ser coma unha serpe a mudar a pel envellecida para cambiala por outra nova.

Dende esa época das primeiras mudanzas a vida espallouse polo barrio de canto a canto. As vivendas con olor de obra convertéronse en caixas de soños variados a entrecruzarse de xeito constante nun movemento que aínda continua na actualidade, porque dende esa segunda década dos anos corenta no vello barrio de Recimil nunca deixaron de producirse nacementos, e defuncións, e casamentos, e separacións, e celebracións, e pésames, e festas, e liortas, e beixos, e encontros, e abandonos, e apertas, e labazadas... e moitas outras manifestacións da convivencia.

Mentres tanto o sol e mais a lúa foron caladas testemuñas do pasar do tempo... e os ventos acariñaron os tellados en milleiros de ocasións... e as chuvias lambéronos unha vez e outra máis... Os ciclos das estacións pousáronse enriba do barrio para marcaren ese ritmo da vida que non ten parangón.

A Praza de Sevilla (un descampado por aqueles tempos) non tardou en recibir a visita dos circos, que, a dicir dos máis antigos habitantes da zona, deixaban un insufribel pesadelo de ouriños de elefante e de león cando marchaban. Os ferroláns acudían ás veladas circenses na praza até que unha vez remodelada esta, pasaron a celebrarse nunha leira que se estendía á esquerda da igrexa do Pilar. Os cativos do barrio, a cambio dunha entrada de balde, axudaban a carrexar madeiras e ferros dende os camións de transporte até o lugar onde os operarios do circo poñían en pé a carpa para que a caixa dos soños se abrise e por fin dera comezo a función.

Quizais aquel vello elefante de ferro agora completamente desaparecido, que pacía silandeiro en medio dun pequeno bosque de ilusión na Praza de Sevilla non fose máis ca unha peza esquecida dalgún circo que ficou abandonada ao remate dunha representación.

Os nenos faciamos carreiras de bicicletas nunha pista que imitaba unha autoestrada co seu paso elevado, cos seus semáforos de verdade, cos seus pasos de cebra e cos seus sinais, un enorme xoguete de cemento emprazado entre árbores e xardíns no que en realidade non é unha praza senón un patio de veciñanza de grandes dimensións. As carreiras dos pícaros esluíronse para sempre no tempo por mor dalgunha corporación municipal que ordenou desmantelar a pista sen que ningún veciño entenda moi ben por que.

O estoupido da vida faise sentir no barrio co seu máis grande estrépito naquelas mañás en que as rúas se enchen de postos de madeira e ferro con tellados de plástico e a xente acude a eles para comprar porque pode atoparse de todo: roupa, calzado, froita, verduras da casa... Un pequeno crisol de xentes variadas se amalgama nos arredores dun mercado de abastos que, ergueito dende os comezos do barrio entre casas coa roupa tendida, abastece de produtos frescos a unha boa parte de Ferrol.

Nenos a xogaren nas rúas, nais a chamárenos dende as fiestras, vellos a sentaren nun banco para tomaren o sol... Recimil foi testemuña de todos os avatares históricos (na rúa de Carballo Calero aínda se conserva a antiga placa do falanxista José Antonio Girón) e de todos os cambios que a cidade experimentou, medido o tempo por aquela sirena da Bazán que marcaba as horas en que os obreiros podían saír ou tiñan que entrar, e tamén polo reloxo da Caixa de Aforros, que con música a todo volume anunciaba o mediodía, a noite e a mañá.

Dende a chegada ao barrio dos primeiros “colonos” non deixaron de abrirse e pechase os máis variados establecementos e negocios: as Cafeterías *Avenida* (dos mellores chocolates con churros de Ferrol), *Ambos*, *La Parada* ou *Caribe*, a *Taberna 2 Amigos* (“*jamones, lomo y vino cosechero de Aragón*”) e o desaparecido *Bambú Club* (hoxe unha casa ruínosa que ben podería servir como símbolo da situación de absoluto abandono que vive o barrio enteiro), o *Bar do Ribeiro*, a *Ferretería Carballeira*, a librería *El Navegante* (onde mercabamos material escolar os rapaces do *Ibáñez Martín*), a pastelería de *Evia*, a de *Gascón*, a floristería de *Pidal*... e moitos outros negocios que por razóns de espazo non podo nomear.

Recimil é moito máis ca un conxunto de casas envellecidas e maltratadas polo paso do tempo e a desidia do Concello. É un frondoso entramado de vidas trezadas que se entrecruzan polas escaleiras, polos túneles, polas rúas... condenadas sen ningún remedio á non sempre doada acción de cohabitar.

© Xesús Constela Doce, 2006